

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de abril de 2023, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases do concurso para a provisión dun posto de traballo na Intervención e Asuntos Económicos.**

De conformidade co disposto no artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos, acórdase convocar e aprobar as seguintes bases:

##### PRIMEIRO. *Obxecto da convocatoria*

Convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo que figura no anexo I desta convocatoria, que se axustará ao disposto nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.

##### SEGUNDO. *Requisitos e condicións de participación*

Poderán participar nesta convocatoria os funcionarios e funcionarias de carreira pertencentes ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia que se atopen en servizo activo, en situación de servizos especiais ou en calquera outra situación administrativa, sempre que teñan dereito á reserva de posto de traballo no Parlamento de Galicia e reúnan as condicións xerais e requisitos determinados nesta convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitude.

So poderán participar os funcionarios e funcionarias que, reunindo os requisitos anteriores, contengan, cando menos, dous anos de permanencia de servizo no seu destino anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, agás que fosen removidos do seu posto de libre designación, procedan dun posto de traballo suprimido ou se encontren en adscrición provisional.



### TERCEIRO. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

Quen desexe tomar parte neste concurso presentará a súa solicitude, que se axustará ao modelo publicado como anexo III desta convocatoria, no prazo de quince días hábiles contados dende o día seguinte á súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

As solicitudes irán dirixidas á Oficialía Maior e presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia ou, se é o caso, na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da solicitude de participación (anexo III) serve como solicitude de emisión da certificación de méritos que, unha vez expedida polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, será remitida á persoa solicitante, así como, de oficio, á comisión de méritos.

No anexo V certificaranse os méritos cuxos documentos acreditativos figuren no Rexistro de Persoal, ou unidade competente, á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os participantes que desexen acreditar méritos doutras administracións públicas deberán achegar xunto coa solicitude de participación o certificado de méritos a que se refire o anexo V, ou ben achegar copia que poña de manifesto que foi solicitado.

Deberase igualmente presentar unha relación na que se enumeren os méritos que desexe acreditar a persoa concursante, consignando detalladamente os alegados para o posto de traballo relacionado no anexo I da presente convocatoria. Para estes efectos, os méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións ou títulos orixinais ou fotocopias compulsadas.

A experiencia desenvolta no Parlamento de Galicia será igualmente mencionada na solicitude indicando os períodos, tarefas e funcións encomendadas ao posto ou aos postos de traballo desempeñados polo concursante, de acordo coas funcións da relación de postos de traballo, sendo necesario que se identifiquen expresamente os períodos de tempos sobre os que se alegan os ditos méritos, conforme ao anexo IV.

### CUARTO. *Admisión de aspirantes*

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Oficialía Maior ditará unha resolución en que declare aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia, sinalarase un prazo de 10 días hábiles para reparar as causas de exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de reparación, a Oficialía Maior aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia, <http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos>.

### QUINTO. *Comisión de méritos*

A comisión de méritos terá a composición prevista no artigo 3.5 das Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de mé-



ritos no Parlamento de Galicia, e o seu nomeamento será obxecto de publicación na páxina web do Parlamento de Galicia.

A comisión de méritos poderá solicitar á Oficialía Maior a designación de persoas expertas que en calidade de asesores actuarán con voz pero sen voto.

A comisión de méritos, no prazo non superior a un mes, contado desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias, publicará na web do Parlamento de Galicia a resolución coa relación dos aspirantes presentados ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados. Contra a dita resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer reclamación ante a comisión de méritos no prazo de 5 días hábiles.

Nun prazo non superior a 15 días hábiles, contado desde o seguinte ao da súa presentación, a comisión de méritos resolverá as reclamacións presentadas, se as houber, notificará o resultado destas aos interesados e elevará unha proposta á Presidencia do Parlamento de Galicia de resolución do concurso a favor da persoa que acade a mellor puntuación de entre as que consigan a mínima exixida.

A abstención e recusación dos membros da comisión de méritos será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### SEXTO. *Valoración de méritos*

A valoración dos méritos para a adxudicación das prazas efectuarase de acordo co establecido no artigo 2 das Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.

Os méritos xerais valoraranse cun máximo de 36 puntos.

Os méritos específicos valoraranse cun máximo de 9 puntos. Tal valoración levarase a cabo mediante a asignación da puntuación reflectida no anexo II.

A puntuación mínima para optar á adxudicación dun posto fíxase en 15 puntos. Ao respecto, considérase que a puntuación mínima que se deberá acadar deberá ser dun mínimo de 12 puntos en méritos xerais e de 3 puntos en méritos específicos.

#### SÉTIMO. *Resolución e toma de posesión*

A resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia que adxudicará definitivamente os postos ofertados a aquelas persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

O prazo de toma de posesión, que será de tres días hábiles, empezará a contarse ao día seguinte do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do concurso.



**OITAVO. Recursos**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## ANEXO I - POSTOS VACANTES

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	Complemento específico	Adscrición	Formación	Méritos específicos
AP62	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.109,16 €	APG	—Excel ou follas de cálculo. —Plataformas de administración electrónica. Facturación electrónica. —Normativa orzamentaria, económica en xeral e contable.	Anexo II

## FUNCIÓNS DOS POSTOS:

- O apoio administrativo aos órganos parlamentarios e a elaboración de documentación preparatoria e derivada da súa actividade.
- A asistencia ás reunións dos órganos parlamentarios e o desenvolvemento nestes dos labores de apoio administrativo.
- A asistencia administrativa aos responsables das unidades administrativas ou áreas funcionais.
- A realización das tarefas administrativas que requiran os procedementos parlamentarios e os procedementos de xestión das diversas unidades da administración parlamentaria mediante a utilización de taquigrafía, mecanografía, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas.
- A colaboración na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da xestión parlamentaria.
- A colaboración na alimentación e explotación das fontes documentais do Servizo e a consulta de precedentes da Administración parlamentaria.
- Traballos de edición e transcripción.
- A alimentación e consulta das bases de datos do servizo.
- A actualización e consulta dos contidos da páxina web do Parlamento de Galicia nas materias competencia do servizo.



## ANEXO II – MÉRITOS ESPECÍFICOS

MÉRITOS	VALORACIÓN Puntos/mes	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Uso de programas como Excel ou follas de cálculo.	Mes de exercicio: 0,05	1
Uso plataformas de administración electrónica: sede electrónica, notifica.gal, SILTRA, sistema Red, etc,	Mes de exercicio: 0,05	1,5
Tramitación de expedientes orzamentarios, económicos ou contables.	Mes de exercicio: 0,05	3,5
Uso de plataformas de facturación electrónica.	Mes de exercicio: 0,05	3



## ANEXO III - SOLICITUDE DA PERSONA INTERESADA

Datos da persoa interesada		
Nome e apelidos		NIF
Corpo	Grupo	Escala
Denominación do posto		

Datos da representación	
Tipo de persoa	
<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica	
Nome e apelidos/Razón social	NIF/CIF
Poder de representación que ten	

Obxecto da solicitude																			
<p><b>EXPÓN</b></p> <p><b>PRIMEIRO.</b> Que, visto o anuncio de convocatoria de provisión polo procedemento de concurso de méritos do posto de _____, do Parlamento de Galicia, cre reunir todas e cada unha das condicións exixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia.</p> <p><b>SEGUNDO.</b> Que declara coñecer e aceptar as bases para a provisión do posto polo sistema de concurso de méritos.</p>																			
<p><b>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE</b></p> <p>— Estar en situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa, excepto a de suspensión firme.</p> <p>— Permanecer como mínimo dous anos no seu actual posto definitivo de traballo ata a data de finalización do prazo de presentación das instancias, salvo as excepcións que recolle a lei.</p> <p>— Pertencer ao corpo/escala ao que se atope adscrito o posto convocado, así como cumprir os requisitos del establecidos na relación de postos de traballo.</p>																			
<p><b>Orde de preferencia dos postos:</b></p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Orde</th> <th>Nº posto</th> <th>Denominación</th> <th>Unidade</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1º</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>2º</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>3º</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>				Orde	Nº posto	Denominación	Unidade	1º				2º				3º			
Orde	Nº posto	Denominación	Unidade																
1º																			
2º																			
3º																			



**Titulación, traballos, cursos de formación e perfeccionamento, antigüidade e relación de méritos alegados:**


---



---



---



---



---

Por todo o cal **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nas Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, se admita esta solicitude para o proceso de provisión referenciado.

**Deber de informar sobre protección de datos**

Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

<b>Responsable</b>	Parlamento de Galicia
<b>Finalidade principal</b>	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
<b>Lexitimación</b>	Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos
<b>Cesión de datos</b>	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
<b>Información adicional</b>	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte enderezo: <a href="http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos">http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos</a>

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_

Sinatura.





### ANEXO IV - MÉRITOS ESPECÍFICOS ALEGADOS PARA OS POSTOS

NIF	NOME E APELIDOS

Nº POSTO SOLICITA DO	MÉRITOS ESPECÍFICOS ALEGADOS	POSTO AO QUE SE REFIRE E CARÁCTER DA OCUPACIÓN	PERÍODO DE TEMPO	DOCUMENTACIÓN QUE O ACREDITA

Deber de informar sobre protección de datos	
<input type="checkbox"/> Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
<b>Responsable</b>	Parlamento de Galicia
<b>Finalidade principal</b>	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
<b>Lexitimación</b>	Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos
<b>Cesión de datos</b>	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
<b>Información adicional</b>	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte enderezo: <a href="http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos">http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos</a>

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_

Sinatura



**ANEXO V – CERTIFICADO DE MÉRITOS**

D/Dª
Cargo

**CERTIFICO:** Que, segundo os antecedentes que constan nesta unidade, o/a funcionario/a ten acreditados os seguintes datos:

**1. DATOS PERSOAIS**

Apelidos e nome	NIF
Corpo ou escala	Grupo
Administración á que pertence	Grao persoal

**2. SITUACIÓN ADMINISTRATIVA NO CORPO OU ESCALA DESDE O QUE SE PRESENTA AO CONCURSO**

--

**3. DESTINO**

<b>3.1 DESTINO DEFINITIVO</b>			
Administración:			
Denominación do posto			
Localidade:			
Toma de posesión:		Nivel do posto:	
<b>3.2 DESTINO PROVISIONAL</b>			
a) Comisión de servizos en:		Denominación posto:	
Localidade:	Data de toma de posesión:	Nivel:	
b) Reingreso con carácter provisional en:			
Localidade:	Data de toma de posesión:	Nivel:	
c) Outros supostos:			
<input type="checkbox"/> Por cesamento ou remoción do posto		<input type="checkbox"/> Por supresión do posto	

**4. MÉRITOS**

4.1 Postos desempeñados, excluído o destino actual.					
Denominación	Corpo ou escala	Grupo	Anos	Meses	Día
4.2 Grao persoal:			Data de consolidación:		
4.3 Cursos de formación e perfeccionamento:					
4.4 Grao de coñecemento do idioma galego:					
4.5 Titulacións académicas:					
Titulacións académicas en xeral:					
Titulacións relacionadas co/s posto/s de traballo:					
4.6 Antigüidade: tempo de servizos recoñecidos nas administracións ata a data de publicación da convocatoria:					
Administración	Corpo ou escala	Grupo	Anos	Meses	Día



4.7 Exercicio de dereitos de conciliación:

Relación de aspectos a certificar como experiencia:	Tempo de exercicio
Uso de programas como Excel ou follas de cálculo.	Meses de exercicio: _____
Uso plataformas de administración electrónica: sede electrónica, notifica.gal, SILTRA, sistema Red, etc,	Meses de exercicio: _____
Tramitación de expedientes orzamentarios, económicos ou contables.	Meses de exercicio: _____
Uso de plataformas de facturación electrónica.	Meses de exercicio: _____

CERTIFICACIÓN que expido a petición da persoa interesada e para que produza efectos no concurso convocado por Acordo da Mesa do Parlamento do ..... BOPG núm ..... Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_  
 Sinatura

Observacións:

